UNIDADE 4: A ARTE GÓTICA.

1.A arte gótica como expresión da cultura urbana: humanización e naturalismo.

A arte gótica é o estilo artístico que define os últimos tempos da idade Media e a expresión artística dos cambios e políticos, económicos, sociais e culturais acaecidos en Europa dende o século XII ata case entrado o século XVI.

O **eido económico**, caracterízase incremento do comercio, tanto local como internacional que provocará a revitalización das cidades que aumentarán a súa poboación;nos *burgos* (cidades) cobrará importancia un grupo social novo, a **burguesía**, que, composta por artesáns e mercadores cuestiona a división estamental da sociedade feudal reivindicando o a riqueza como criterio de clasificación e ascenso social; os monarcas apoiaranse neste novo estamento para consolidar o seu poder e dominar á nobreza tradicional; nas **estruturas políticas** europeas xurdirán institucións fóra do marco das relacións feudais, como as *cortes*, os *Estados Xerais* (xerme dos parlamentos) ou os *concellos*. Esta fase expansiva europea dos séculos XII e XIII entrará en crise ao longo do século XIV, no que se abre unha etapa de conflitos económicos e políticos, orixinados pola recesión agraria e demográfica (a peste de 1348 e 1349), a *Guerra dos Cen Anos* (1339-1453), e diversas revoltas campesiñas. No século XV, producirase en liñas xerais unha recuperación e unha nova fase expansiva, que culmina a evolución das transformacións baixomedievais.

A igrexa mantén o seu **predominio ideolóxico e social**, pero xorden importantes cambios no **pensamento relixioso**. O centros de saber deixan de ser en exclusiva os mosteiros, coa aparición das ***escolas catedralicias*** primeiro e das ***universidades***

despois; nelas xurde o interese polas ciencias e o carácter racionalista, que fai que algúns autores falen do renacer dun espírito humanista (no sentido de recuperación da cultura antiga) no que o home será o obxecto e o centro da creación divina; esta idea, que arranca agora , fará que mude a visión das personaxes sagradas, sobre todo a da Virxe e a de Cristo, dos cales se destacará a súa parte humana para acercalos máis aos homes, facelos máis comprensibles e semellantes a eles . No século XIII, figuras coma *Tomé de Aquino* ou *Alberte Magno* introducen o estudio da obra de *Aristóteles* , en detrimento da filosofía platónica que imperara no pensamento medieval ata ese momento, e funden definitivamente a razón aristotélica coa fe cristián; xurde ademais o *pensamento escolástico*, que conforma un método para a razón teolóxica, e co tempo o *empirismo* de *Occam*, que defende a experiencia fronte ao razoamento escolástico. O auxe da civilización urbana fai que aparezan ordes relixiosas xa non illadas do mundo, coma pretendían ser bieitos ou cistercienses, senón destinadas a predicar o evanxeo e velar pola ortodoxia cristiá nas cidades. Franciscanos (recoñecidos en 1210) e Dominicos, defenden un ideal de pobreza tanto individual coma institucional ,que os converterá en **ordes mendicantes**; estas ordes contribuirán tamén á renovación do pensamento medieval ao introducir na relixiosidade popular un acercamento á realidade sensible, o ***naturalismo***, e un ***novo humanismo***: os franciscanos transmitiran unha nova dimensión do home e da natureza, que pasan a ser valorados e apreciados como obra de Deus.

> *A Catedral gótica orixinouse na experiencia relixiosa e na especulación metafísica, nas realidades políticas e incluso nas materiais da Francia do século XII e no xenio das que a crearon.(...) os platónicos de Chartres non formularon nunca, ata onde chegan os nosos coñecementos, unha estética sistemática nin moito menos un programa artístico. E nembargante (...) sabemos que o coñecemento xeométrico despregado por un arquitecto coma Villard de Honnencourt e en sustancia o de o das escolas catedralicias e monásticas e que era adquirido nelas.*
>
> ***Otto von Simpson. A Catedral Gótica***

A **aparición da arte gótica**, e todas as transformacións que supón respecto á arquitectura e a plástica románicas non podería explicarse sen ter en conta estes cambios históricos, económicos e culturais que conforman o pensamento dende o século XII. O **termo Gótico** foi acuñado no século XVI polo historiador italiano Giorgio Vasari para designar de modo pexorativo a arquitectura anterior ao Renacemento feita polo que el chama bárbaros e godos; a partir do século XVII o termo gótico estenderase ás artes plásticas; este sentido negativo inicial mudou nunha acepción positiva dende o século XIX. Cronoloxicamente, o inicio do Gótico varía segundo as zonas; así, mentres que na rexión da Île de France xurde cara a 1140, noutros lugares de Francia retárdase ata a segunda metade do século XII; durante os séculos XIII, XIV e XV desenvolverase por toda Europa Occidental, estendéndose tamén por Europa Central e do Norte. Ao igual que xa viramos no estilo románico, a súa implantación variará duns territorios a outros e orixinará múltiples variantes nos distintos reinos ou rexións.

2. A ARQUITECTURA GÓTICA.

2.1.Innovacións cara ao gótico.Os mosteiros cistercienses en Galicia.

No tránsito da arte románica á Gótica terá un papel destacado **a reforma cisterciense**. O Císter xurde na zona da Borgoña como unha reforma da orde benedicitina na busca dunha volta aos fundamentos orixinarios da regra de san Bieito, recollidos na máxima *ora et labora*; polo tanto, a busca dunha vida adicada á oración e ao traballo manual, e a retirada dos fastos e riquezas do mundo. Con esa intención construirán os seus mosteiros en lugares afastados. Aínda que *Roberto de Molesmes* é o seu fundador a finais do século XI, será *Bernardo de Clairvaux* o principal teórico e impulsor da nova orde na primeira metade do século XII; a el deberase tamén a sobria concepción estética que deberían ter os novos mosteiros, baseada na **austeridade construtiva e ornamental.**

> *A igrexa resplandece sobre as súas murallas e carece de todo para os seus pobres, cobre de ouro as súas pedras, e deixa sen vestidos aos seus nenos; usúrpase aos indixentes o que se vai mostrar aos ollos dos ricos(...)hai unha maneira de dilapidar os cartos que fai que estes se multipliquen: gástase para atraelo, repártese para facelo aumentar; á vista destas vaidades suntuosas , admirables, os homes séntense máis movidos a ofrecer dádivas semellantes que a orar.*
>
> ***San Bernardo , Apologie à Guillaume***

Chegarán a prohibirse a escultura e a pintura decorativas, e incluso o uso do ouro, prata e pedras preciosas en obxectos litúrxicos. Malia todo, desde fins do século XII, o éxito da orde, e o seu consecuente enriquecemento, fixo que se soportasen con impaciencia todas estas trabas á creación artística. Pasarase dun tipo de igrexa románica sinxela e despoxada a un tipo gótico, non solo pola substitución da bóveda de canón e aresta polas de oxiva , senón tamén polas modificacións en planta e a relación entre as masas; aínda así, os monumentos seguirá a estar marcados polo **equilibrio** e a **mesura**, orixinando interiores con **volumes nítidos**, diáfanos e proporcionados, fuxindo dos excesos ornamentais.

Os mosteiros cistercienses construídos por toda Europa na segunda metade do século XII e a primeira metade do XIII a imaxe das casas-nai de Borgoña que tomarán como modelo contribuirán á **difusión por Europa Occidental de solucións técnicas góticas, como o as bóvedas de cruzaría e os arcos apuntados**, aínda que a súa estética estará lonxe da estética da luz e á verticalidade das catedrais góticas



> *Os cistercienses (...)estaban á pescuda das innovacións na arte de construír e apropiábanse delas con prontitude (...). Así ocorre co arco mitral, coa bóveda de cruzaría, experimentada tal vez primeiramente nas bóvedas das salas capitulares e levada logo aos cruceiros. Pero estas novidades non foron adoptadas senón. polas súas vantaxes prácticas, que proporcionaban mellores solucións. Nos século XII o Císter non se preocupou de usar a oxiva para o alixeiramento que esixe o gótico nas catedrais (...) e moito menos de elevar a nave, de impulsar verticalmente o edificio (...) sobre todo porque querer levantar desmesuradamente a obra dos homes é un xesto de orgullo . A virtude da humildade reprímeo, e recomenda as medidas do cadrado que son tamén ás da discreción monástica. En Fontenay, o teito da igrexa permanece ao mesmo nivel que os teitos dos edificios veciños, a forxa e o celeiro*
>
> ***Georges Duby. San Bernardo y el arte cisterciense.***

Esquema do mosteiro de Fontenay, en Borgoña. A partir de W. Braunfels. por J. M. García Paz.

Situados en zonas rurais, caracterizábanse pola súa austeridade e por seguir un esquema funcional, conforme ás directrices de san Bernardo: unha gran igrexa,deplanta de cruz latina, á que adhería o claustro e arredor del un gran número de dependencias: dormitorios, adegas, almacéns, cociñas, con frecuencia agrupadas en torno a patios ou claustros secundarios.

Entre as principais abadías cistercienses conservadas sobresaen as abaciais francesas de *Fontenay*, e Pontigny, e na Península Ibérica as de, Moreruela (Zamora), ou a de Alcobaça (Portugal).

En **Galicia** a orde cisterciense tivo unha enorme acollida dende moi cedo, tal e como indica o número (dezaseis mosteiros) e a cronoloxía das fundacións; entre os máis importantes atópanse, na segunda metade do século XII o *Mosteiro de Oseira,* que se incorpora ao Císter en 1141, o de *Sobrado dos Monxes* (1142), e os de *Melón*, Montederramo, *Armenteira* e Oia. Na primeiras décadas do século XII aínda se levantarán na provincia de Ourense o de santa María de Xunqueira de Espadañedo e *Santa María de san Clodio.*



O rápido desenvolvemento da orde en Galicia débese a tres factores fundamentais: a existencia de terras onde illarse, a tradición de vida cenobítica que existía en Galicia dende a Alta Idade Media e a utilización por parte dos monarcas desta orde para controlar a nobreza rural.

Estes mosteiros construiranse segundo as directrices da orde, o cal non impide que, sen saírse delas, presenten variadas solucións técnicas en planta e tipo de cubertas.

- O esquema de **planta de cruz latina** con **tres naves lonxitudinais** e nave de cruceiro, e **cabeceira con testeiro cuadrangular** é seguida nas igrexas de *Oia*, *Meira*, e *Montederramo*. As de *Armenteira* ou *San Clodio* presentarán un esquema diferente, con **planta basilical de tres naves**, sen cruceiro marcado e con **cabeceira con ábsidas semicirculares** ao exterior.
- En canto aos sistemas de cuberta o máis empregado é a **bóveda de canón apuntada** para a nave central; e ás veces tamén para as laterais (como en Oseira, ou en Oia,); a **bóveda de aresta** para as naves laterais, usarase en Armenteira e en *Meira*. (na imaxe)

.A **bóveda de cruzaría** será usada en zonas concretas dalgúns edificios , como na capela maior e tramos rectos dos deambulatorios de *Oseira* e Melón, e no cruceiro de Meira.

Moitas das solucións técnicas empregadas nestes mosteiros son debidas á filiación dos mentres construtores, moitas veces enviados a Galicia dende Borgoña pola casas-nai (é o caso do monxe *Alberte*, enviado dende *Clairvaux* por san Bernardo para dirixir a construción de Santa María de Sobrado); eles traerán técnicas e elementos característicos da zona da Borgoña que aquí se fundirán con solución traídas pola man de obra local, que se mantén baixo a órbita do románico e as solucións acadadas na Catedral compostelana, presentes sobre todo en cabeceiras e fachadas. O *mosteiro de Oseira*, por exemplo, presenta na cabeceira deambulatorio con cinco capelas radiais, cuberto cunha bóveda de semicanón sobre arcos faixóns, a mesma solución que as tribunas da Catedral de Santiago.

2.2. O sistema construtivo: a catedral gótica e outras tipoloxías urbanas.

A creación e difusión do estilo gótico realizouse nos edificios relixiosos, aínda que tamén se desenvolveu unha importante arquitectura civil que con probabilidade ía a remolque das innovacións nos edificios relixiosos.

2.2.1. As Catedrais.

A Catedral é o edificio máis representativo da arquitectura gótica, a expresión dunha arte episcopal e urbana que xurdirá coa fusión das novidades técnicas e o pensamento teolóxico. Tecnicamente basearase na utilización dun sistema de tres elementos que configurarán unha estrutura lóxica: o **arco apuntado**, a **bóveda de cruzaría** e o **sistema de contrarresto de presións**. Esteticamente, a catedral gótica exemplificará unha nova **estética da luz.** Ningún destes elementos é novo (arcos apuntados e cruzarías xa se utilizaran no románico anglonormando, e a teoría da luz xa estaba presente en textos neoplatónicos e en edificios máis antigos), pero a relación de todos estes elementos entre si orixinará un tipo de edificio novo, cunhas proporcións, unha definición interior e unhas características técnicas novas.

- O **arco apuntado**, constituído por dúas seccións de curva que forman ángulo na clave, irá adelgazándose durante o século XIII ata conseguir un perfil alanceado no século XIV. A súa utilización permitirá unha maior elevación do edificio, xa que exerce menos empuxes, e un alixeiramento da estrutura dos vans, e con elo un efecto de diafanidade. Dende o século XIV usaranse tamén o arco **conopial** (de catro centros) que é o máis usado no gótico flamíxero, o ***escorzano*** e o ***carpanel***.



Tipoloxía de arcos góticos:
1:Apuntado. 2:Trilobulado.3: Carpanel.
4: Escorzano 5:Conopial 6:Acortinado

- A **bóveda de cruzaría** deriva da bóveda de arestas reforzada con nervios. Conséguese mediante o cruce diagonal de dous arcos ***(oxivas*** ou nervios cruceiros) sobre as que se coloca a ***plementería*** (panos que pechan os espazos entre os nervios). Ofrece a novidade de trasladar mediante os nervios cruceiros os empuxes oblicuos cara os ángulos co que permite alixeirar o muro, que non ten que soportar o peso da bóveda, e abrir un maior número de vans.

Permite ademais cubrir espazos de maior amplitude e de formato irregular ou curvo, pola súa gran adaptabilidade. A bóveda de cruzaría aparece xa definida a finais do século XII, e irá evolucionando ata orixinar ***bóvedas sexpartitas***, *bóvedas de* ***terceletes*** (dende mediados do século XIII) ou *bóvedas* ***estreladas*** no século SV.



La bóveda de crucería.
1- Clave; 2- Plementería; 3- Arcos perpiaños; 4- Arcos formeros; 5- Nervios.

- Os cambios na cuberta implican unha adaptación dos **soportes**: os piares románicos son substituídos no gótico por esveltos **piares** de trazado cilíndrico que recollen as columnas e semicolumnas que baixan dende a base das bóvedas ata o chan; coa multiplicación dos nervios das bóvedas o número de columniñas adheridas aos piares medra, orixinando ***piares de baquetóns***. Esta estrutura permanece visible e á par ca unha función técnica tamén funciona como elemento ornamenta. O **contrarresto de presións** deste sistema xurde da necesidade de transmitir os empuxes das cubertas e os piares ao exterior: para elo úsanse ramas arqueadas, os ***arcobotantes***, que apoiadas nos arranques das bóvedas e nos piares transmiten os empuxes aos contrafortes. Deste xeito o muro é liberado da súa función de soporte, o que permitirá a súa progresiva desmaterialización, ao ser substituído por grandes cristaleiras que inundan os templos de luz.

- Os **alzados** dos edificios tamén mudan: a tribuna acaba sendo substituída polo ***triforio***, unha pequena galería cega que percorre o edificio sobre os arcos de separación das naves, co que a nave central, libre de peso, pode medrar en altura. Enriba do triforio, o muro convértese en grandes cristaleiras para a entrada de luz: é o chamado ***clarestorio***; a medida que avanza o estilo, as catedrais van gañando altura, e os clarestorios aumentan de tamaño e ocupan unha maior superficie.



- As **plantas** serán de grandes dimensións; as primeiras catedrais parten das plantas de peregrinación románicas, pero a busca dun espazo interior máis unitario suporá a tendencia a desaparición do brazo de cruceiro, e a preferencia por plantas basilicais de 3 ou 5 naves, cabeceira moi desenvolvida, con coros longos rodeados de deambulatorios ás que se abren capelas radiais de trazado semicircular ou poligonal unidas entre si.



Planta de la catedral de Reims. Desde 1210.
1- Cabecera; 2- Capillas radiales; 3- Deambulatorio o Girola; 4- Presbiterio; 5- Crucero o Transepto; 6- Hastial Norte; 7- Hastial Sur; 8- Nave central; 9- Nave lateral o colateral; 10- Contrafuerte; 11- Tramo; 12- Fachada.

- Os **exteriores** traducirán o desexo de altura e luminosidade en elementos coa función dar sensación de verticalidade: grandes ***agullas*** para remate das torres das fachadas, ***gabletes***, ***pináculos*** como remate dos ***contrafortes***, ***rosetóns*** de coidadas ***trazarías***...As **fachadas** concentrarán os esforzos decorativos e recibirán unha especial decoración escultórica. As primeiras catedrais manteñen o esquema das grandes portadas románicas, aínda que incrementando o número de portadas ao axustalo ó das naves, e dando un impulso vertical as torres laterais ao coroalas con agullas. Co tempo os elementos decorativos irán substituíndo ao muro, incorpóranse ***galerías caladas***, e aumentará o énfase decorativo.
- Os cambios técnicos condicionan unha iluminación interior diferente, xa que a **luz** filtrada a través das vidreiras desmaterializa as formas e outorga ao espazo interior un forte simbolismo: a luz do edificio identifícase coa luz divina, e o templo coa *Xerusalén Celeste*. Esta identificación de beleza e luz con divindade e verdade, é retomada pola teoloxía do século XII, e aplicada como concepción estética nas grandes catedrais góticas, grazas á desmaterialización dos muros, conséguese unha **estética da luz** que converte a catedral gótica nunha imaxe do reino celestial na terra. Esta idea está presente nos escritos do *abade Suger*, o promotor da abadía de Saint-Denis, o primeiro templo no que se constrúe cunha técnica e unha concepción estética plenamente góticas.

2.2.2. A Arquitectura das ordes mendicantes

Dentro das cidades, outros edificios de carácter relixioso que cobrarán relevancia pola importancia das súas empresas construtivas son a **arquitectura das ordes mendicantes**. Franciscanos e dominicos construirán igrexas urbanas acordes coas súas premisas de pobreza e sinxeleza: grandes dimensións , e tripla cabeceira e unha ou tres naves lonxitudinais. As naves cóbrense con madeira e na cabeceira úsanse as bóvedas nervadas e amplas ventás . Os muros da nave, con poucos vans, serven de apoio as cubertas, e refórzanse ao exterior con contrafortes.

2.2.3. A Arquitectura civil.

A arquitectura civil tivo un auxe en paralelo co desenvolvemento das cidades. Aparecen novas tipoloxías urbanas, aínda que formalmente no innoven nin estrutural nin decorativamente. A existencia dunha nobreza urbana e dunha rica burguesía explica a construción de pazos urbanos,con función residencial; xorden tamén hospitais, lonxas, mercados, concellos... Todas elas edificios destinados a servir ás necesidades políticas ou comerciais da burguesía, polo que a súa aparición é algo tardía dentro do gótico (a partir do século XIII) e desenvolverase nas áreas onde a burguesía comercial é máis puxante, caso das cidades do Norte de Italia, ou dos Países Baixos, e na Península Ibérica na Coroa de Aragón.

2.3.A difusión da arquitectura gótica en Europa



Francia: As orixes da arquitectura gótica sitúanse na *Île de France*, onde na segunda metade do século XII o abade *Suger* promoverá na *Abadía de Saint Denis* unha obra que asentará as características técnicas e estéticas do novo estilo. No deambulatorio (na.imaxe), vese a bóveda de cruzaría usado na cuberta.
Esta nova linguaxe arquitectónica irá difundíndose con variacións que orixinarán un periodización para a arquitectura francesa, que en liñas xerais, se amosa no seguinte cadro.

Período	***Características***	***Exemplos***	***Obras***
Gótico temperán ou preclásico (2ª/2 séc.XII)	-Verticalidade:catro pisos (arquerías, tribuna, triforio ou rosetóns e claristorio) -Bóvedas de cruzaría sexpartita nas cubertas	*Notre Dame de París* *Catedral de Noyon* *Catedral de Laon* *Catedral de Senlis*	 *Planta de Notre Dame de París*
Gótico clásico (1º/2 séc. XIII)	-Alzado dos muros en tres niveis (supresión das tribunas) -Diferenza de altura entre a nave central e as laterais. -Tendencia á verticalidade,	*Catedral de Chartres* *Catedral de Reims* *Catedral de Amiens*	 *Planta de Amiens*
Gótico Radiante (2ª /2 séc. XIII-séc.XIV)	-Complicación das trazarías e dos radios dos rosetóns: refinamento decorativo -Substitución do muro por ventás co vidreiras. -Ampliación das dimensión dos edificios	*Sainte-Chapelle de París* *Catedral de Beauvais*.	
Gótico flamíxero séc. XV.	-Impulso á verticalidade. -Énfase decorativo nas fachadas.	*Catedral de Tours* *Catedral de Rouen*	

En Inglaterra o gótico de tradición francesa aparece por primeira vez na *Catedral de Canterbury* a finais do século XII, e caracterizase por:
-Gran lonxitude das súas plantas, cunha concepción espacial na que domina a horizontalidade.
-Cabeceiras planas.
-Dobre transepto.
-Grosos soportes.
-*Torres lanterna* sobre *os* cruceiros,
-Profusión decorativa que tende a enmascarar os elementos estruturais.
Este énfase decorativo ten un menor desenvolvemento no primeiro período do gótico inglés, o chamado ***Early Ensglish*** (séculos XII, comezos do XIII) na Catedral de Canterbury, a Catedral de Wells ou a Abadía de Wensminster. Durante a segunda metade do século XIII e o XIV, no ***gótico decorativo*** acentuarase o sentido curvo nas decoracións, complicaranse as trazarías, aparecen arcos conopiais, as bóvedas de abano...como vemos na *Sala capitular da Catedral de Wells.* Desde mediados do século XIV e ata o XVI desenvolverase o ***gótico perpendicular,*** no que resalta a verticalidade, as liñas rectas, as grandes ventás substituíndo os panos do muro e a complicación ornamental das bóvedas de abano está presente no claustro de Gloucester e en capelas de patrocinio real como *a King´s College da Universidade de Cambrigde* ou a de *Henrique VII en Wenstminster.*

Claustro da Catedral Gloucester(1351-1412

En **Centroeuropa** a introdución do gótico é tardía, e perdurará ata entrado o século XVI. Serán edificios de grande altura, determinada polas agullas de ricas trazarías coas que rematarán as torres das fachadas, como a *Catedral de Colonia* ou a de *Estrasburgo.* No século XIV difundirase o modelo de Planta de salón, cunha soa nave ou de tres á mesma altura nas que se suprime o cruceiro.

Nos **Países Baixos**, o auxe das cidades e do comercio favorecerá a aparición dunha poderosa burguesía que impulsará a construción de notables exemplos de arquitectura civil coma os *Concellos de Bruxas*, ou Bruxelas, ou lonxas como a de Ypres. En arquitectura relixiosa destacan a Catedral de Lovaina e a de Amberes.

En **Italia** o gótico presenta particularidades respecto a este modelo que estamos a ver. A persistencia da tradición clásica explica que o gótico chegue tarde, e se abandone xa no século XV; ademais, a arquitectura gótica italiana ten preferencia por un prototipo diferente ao das grandes catedrais, con edificios nos que predomina a horizontalidade e unha concepción lumínica e espacial novas, segundo o modelo de igrexa definido polas ordes mendicantes. que se estende principalmente por Italia, o Sur de Francia e a Coroa de Aragón polo que se denomina Gótico Mediterráneo ou Horizontal. Son edificios sobrios, de grandes dimensións, e escasa altura, cunha soa nave ou tres pero con tendencia a unificar alturas (espazo unitario), soportes monolíticos, cubertas de bóveda de cruzaría simple e tamén de madeira, e fachadas

revestidas con mosaicos e mármores de cores buscando un efecto polícromo. Entre os exemplos máis salientables atópanse *a Santa Croce* (século XIII*) ou Santa María Novella* (séc.XIV) *en Florencia*. No século XV, a *Catedral de Milán* seguirá o modelo das grandes catedrais franco-xermanas. O desenvolvemento económico e o poder político das cidades manifestarase na aparición dunha arquitectura civil na que sobresaen palacios coma *Palacio Ducal de Venecia*, *o Palacio Comunal de Siena (na imaxe)* e a *Signoría de Florencia.*

O crecemento demográfico das cidades italianas esixiu, edificios dignos e capaces de aloxar as sedes das institucións públicas. Na práctica, debían rivalizar tamén en importancia cos palacios privados e demostrar o prestixio da cidade. Un dos máis salientables foi a Signoria ou Palazzo Communale de Siena. Situado nun dos desniveis do terreo que compoñen o conxunto urbano, tiña ante si un amplo espazo aberto en forma de cuncha (...) que resultou ser a praza principal da cidade. Cando cara a 1298 comezaron as obras fixáronse normas para unificar o estilo da fachada. Ventás con columnas non balcóns con beirís .Primeiro levantouse o corpo central cadrado, con muros de pedra na planta baixa e ladrillo nas altas, con dous pisos de ventás tríforas , de tres vans separados por parteluces e outro no piso superior. Entre 1307 e 1310 constrúense as dúas ás ou corpos laterais, de menor altura.e de 1325 a 1348 a altísima torre coñecida como Torre della Mangia .É evidente que unha torre tan alta sobre unha base tan cativa era máis un símbolo do poder comunal ca unha auténtica defensa.

Emma Liaño. Lo mejor del Arte Gótico.

3.AS ARTES PLÁSTICAS.

3.1. Características xerais.

Os cambios de pensamento, sociais e políticos que se están a producir neste momento influirán, do mesmo modo que na arquitectura, na escultura e na pintura, onde se traducirán nunha nova estética que vira cara a busca da humanización e un maior naturalismo do representado.

A **evolución do pensamento teolóxico** traduciuse nunha nova valoración da imaxe. Tomé de Aquino, baseándose na filosofía aristotélica defendía a posibilidade de fundamentar o coñecemento na realidade, no mundo sensible, xa que estaba creado por Deus; san Francisco vía a Deus nas criaturas terrais, na natureza. Este xiro no pensamento cristián fai que **o home e a natureza comecen a ser de novo valorados** , e o mundo material, e a reprodución de **imaxes realistas**, deixan de considerarse unha vía de pecado a un camiño de achegamento a Deus. Esta autoafirmación da natureza e da condición humana terá nas artes plásticas repercusións iconográficas e tamén formais (aparición de novos temas, humanización das personaxes, e naturalismo nas representacións). Outros factores que influíran nunha nova valoración da imaxe son a preocupación pola morte e a salvación da alma que se acrecenta nos séculos XIV e XV, e a influencia do burguesía

Giotto.capel Scrovegni

• Os **novos temas,** partindo de modelos románicos, inciden na natureza humana das personaxes sagradas. O *Pantocrátor*, o *Cristo Xuíz* é substituído por un cristo máis humano, que sofre na cruz ou que mostra a súa clemencia; son habituais tamén as escenas da vida de Cristo, ás veces desenvolvidos en grandes ciclos cristolóxicos. A imaxe da Virxe adquirirá protagonismo, representada como nai de Deus (son habituais as escenas da *Anunciación*, a *Natividade*...) e intercesora no Xuízo e símbolo da Igrexa.. Tamén se representarán escenas de vidas de Santos, os seus milagres e martirios, nas que inflúen os relatos da *Lenda Áurea*, e escenas da vida dos fundadores das ordes Mendicantes. Dende o século XIV comeza a desenvolverse o retrato, sobre todo da man da escultura funeraria, e cobrará importancia a aparición de temas relacionados co ideal cabaleiresco e o mundo cortesán.

• A renovación iconográfica vai acompañada por unha **renovación formal**. As imaxes tórnanse máis **realista**s e menos simbólicas: Ao igual que no románico, en xeral,a imaxe gótica ten un forte carácter didáctico.

Grupo de Visitación da Catedral de Reins.

3.2.A escultura.

a) Características xerais.

Dende o **punto de vista formal**, experimenta importantes cambios e ten coma notas máis características: o **naturalismo** que pasa dun naturalismo idealizado na primeira etapa á busca de **realismo** a finais do período e a progresiva independencia do marco arquitectónico, co que vai conseguindo volume e veracidade achegándose ao vulto redondo. A escultura gótica **evoluciona cara unha maior perfección técnica**, que se pode apreciar na atención ás proporcións dos corpos, no realismo na representación dos rostros, que volven ser expresivos e das roupas, no movemento das figuras...

En canto aos **materiais**, o máis usado é a pedra de diversos tipos para as imaxes exteriores; a madeira úsase para imaxes exentas, retablos, sepulcros e cadeirado dos coros; o mármore e o alabastro son utilizados frecuentemente nos conxuntos sepulcrais a maior parte dos materiais aparecen policromados.

Xunto a escultura monumental outras **tipoloxías** como retablos, sepulcros, sillerías, e a escultura exenta alcanza un gran desenvolvemento

• A **escultura monumental** segue a concentrarse nas fachadas. Nos capiteis, perden importancia as representacións historiadas, substituídas por faixas de decoración vexetal continua. Nas fachadas, obsérvase unha distribución preestablecida dos temas. nas fachadas occidentais se representa a historia de Cristo, na norte escenas da vida da Virxe, e na

fachada Sur o Xuízo Final. As portadas fanse máis grandes, e abucinadas, e a súa organización sóese axustar a un esquema fixo: o tímpano acolle o tema principal (Xuízo Final, morte da Virxe...), e a miúdo divídese en franxas horizontais; nas xambas colócanse apóstolos e profetas a modo ***estatuas-columna*** e no parteluz a Virxe, ou algún santo. Nas arquivoltas sitúanse pequenas figuras de santos, ou anciás do apocalipse , baixo **doseletes**, e no sentido da curva do arco.

- Os **retablos, que** aparecen agora, colócanse detrás do altar, e organízanse nunha estrutura arquitectónica dividida en franxas verticais e horizontais que enmarca escenas e figuras escultóricas ou pintura. Ás veces represéntanse ciclos narrativos completos. Da súa estrutura fala o seguinte texto.



*Bordéao un gardapós, normalmente de madeira e que o inscribe nunha forma rectangular.Vaiamos de abaixo a arriba. Aínda que non se aprecia, debaixo hai un sotabanco que dá paso ao banco ou predela (**12**) que a dereita e esquerda adoita ter imaxes en casas (**11, 13**). Máis arriba atópanse as rúas xerarquizadas: unha rúa central (**8**) e as laterais a esquerda e dereita (**6, 7, 9 e 10**) divididas por piares en casas (**c**) que culminan en doseletes góticos (**b**). O retablo remata nun ático (**1**) e espigas laterais(**2, 3, 4 y 5**) En definitiva, unha pantalla simétrica na que dispoñer un ciclo narrativo completo para a contemplación dos fieis que asisten á misa. O cura sitúase diante do altar (tabulum) e detrás sitúase o retablo (retrotabulum*

Más Arrondo. La Obra de Arte.

- A **escultura funeraria** adquire gran desenvolvemento como signo de prestixio. As capelas das catedrais, convertidas en panteóns familiares ou gremiais, determinan un espazo dentro da catedral, de acordo á importancia e ao potencial económico de quen as encarga**.** A tipoloxía dos sepulcros é moi variada; encostados á parede, máis tarde baixo ***arcosolios*** ou convertidos en sepulcros-retablo ou exentos, xeralmente sosteñen a representación do defunto, morto ou vivo, xacente, orando ou lendo, e con elementos alusivos a súa condición social.

- A **escultura exenta** é de diverso tipo como a representación de santos, Piedades; non obstante, as máis destacadas seguen sendo, de igual modo que no románico, as *Madonnas* (Virxe co Neno) e o Cristo crucificado. *O Crucificado:* de tres cravos, dando mostras de sufrimento, representado como Dios-Home. A *Virxe co Neno*: como unha moza, bela, doce e riseira, que sostén ao Neno en brazos.:é unha Virxe-nai (non Virxe-trono como no Románico). O Neno ofrécelle ás veces unha flor ou unha froita, ela acaríñao e dialogan entre eles.

Virxe Blanca da Catedral de Toledo.

b) Etapas, focos e evolución.

A escultura gótica evoluciona ao longo dos tres séculos que dura este estilo. Tras unha etapa de transición do Románico ao Gótico (a fins do século XII), alcánzase un período clásico, no século XIII, caracterizado por un naturalismo idealizado e sereno. No século XIV, adquiren cada vez máis relevancia as imaxes de Virxes con Neno, así como os sepulcros. Durante o século XV a escultura é moi realista, proliferan os retablos de composicións movidas

Os focos máis importantes son Francia, onde se orixina e se desenvolve o gótico nos séculos XII e XIII, Italia e a área de Flandres e Borgoña dende mediados do século XIV.

Na Segunda metade do século XII, a escultura de Transición ao gótico presenta xa unhas características novas:
-Abandono progresivo do hieratismo e da rixidez frontal románicos.
-As figuras das xambas (estatuas-columna) e as das arquivoltas comezan a despegarse do marco arquitectónico e adquiren maior volume.
-Carácter narrativo das representacións, e preocupación pola expresividade e a individualización dos rostros.
-Aparecen cambios iconográficos: no Xuízo Final incídese na natureza humana de Cristo e aparecen os temas marianos nas fachadas norte das catedrais.
Francia é o berce do gótico e irradia a súa influencia a outros países; as primeiras manifestación son as grande portadas monumentais como a Portada Norte de Saint Denis e o *Pórtico Real de Chartres*, de 1150, construído na Fachada Occidental coa mesma anchura da nave central; consta de tres portas monumentais totalmente cubertas de escultura. No tímpano da porta central represéntase o cristo apocalíptico, cos apóstolos no lintel e os anciáns no tímpano; a portada sur está adicada á Virxe, e no norte a Ascensión de Cristo.

Nas xambas (na imaxe) sitúanse figuras que representan aos profetas e os reis de Israel, aínda moi ríxidas e inexpresivas. Esta estrutura de portada é copiada noutras fachadas do norte de Francia como a *Portada de Nôtre Dame de París* dedicada a Santa Ana, ou a *Portada Norte de Senlis* , e nelas o estilo irá evolucionando cara o maior naturalismo do gótico pleno

No século XIII a escultura convértese no elemento clave da ornamentación das fachadas.
-Aparecen as grandes portadas esculpidas das catedrais, nos que se desenvolven ciclos que inciden na natureza humana de cristo, a vida da Virxe e o Xuízo Final, cun forte carácter narrativo que acentúa a súa función didáctica .
-As figuras son máis naturalistas, os rostros máis expresivos: trátase dun naturalismo idealizado, das que son exemplo as estilizadas figuras da Virxe e de Xesús o *Beau Dieu)* que se colocan nos parteluces das portadas.
-As figuras gañan en independencia do marco arquitectónico (sobre todo as estatuas-columna), dando sensación de ter maior volume: avánzase cara o vulto redondo, e os corpos e as roupaxes modélanse creando contastes lumínicos e sensación de movemento.
Deste período datan as grande portadas catedralicias en Francia, como as *Portadas do Cruceiro da Catedral de Chartres*, e a principal de Nôtre Dame de París, ou a *Portada Occidental de Amiens*. A *Fachada occidental da catedral de Reims, a mediados do século XII* presentará un interesante conxunto escultórico no que destacan os grupos da Anunciación (na imaxe), e da Visitación das súas xambas. Nelas, é moi evidente a evolución da estatua-columna, xa que aínda que as figuras están situadas diante dos fustes, a columna xa non é o seu soporte, co que se chega a un concepto case total do vulto redondo, máis acusado no grupo da Visitación no que

atopamos referencias clásicas (roupas,*contraposto...)* estas figuras sorprenden tamén pola súa expresividade, e a relación psicolóxica entre as personaxes.

Este grupo de catro figuras, talladas entre 1230 e 1250 (…)parece depender menos dos seus apoios arquitectónicos que os de Chartres; mantéñense sobre pequenos pedestais que sobresaen bruscamente das xambas, e non parecen estar relacionadas de modo preciso cas delgadas columniñas que teñen detrás. En Chartres, cada figura grande é independente da súa figura veciña, mentres que en Reimns as catro figuras están colocadas de maneira que forman dous pares. (...As figuras de Chartres parecen realizadas polo mesmo escultor mentres que as de Reims son obra dun grupo de artistas con estilos que diferían lixeiramente. Isabel e a Virxe da Visitación, as dúas figuras da dereita, visten roupas semellantes, que caen en pregues estreitos e acanalados. As dúas mulleres cargan o peso do corpo sobre dunha perna, e volven o corpo cara a súa compañeira. Isabel, a máis vella das dúas, está correctamente representada cunha cara engurrada que contras coa beleza nova de María. Nas figuras da Anunciación atopamos un tratamento diferente de roupas e caras: o anxo Gabriel, á esquerda, leva unhas vestimentas que caen en amplas e diagonais ondas, recollidas arredor das cadeiras(...). Sorrí, e distínguense os carreiros da cara, e os pregues arredor dos ollos. O sorriso(...)é unha expresión moi utilizada polos escultores franceses deste momento, que indicará beleza e santidade (...) e dáse en chamar o "sorriso gótico". Pola contra, o rostro da virxe que está xunto a Gabriel é coma un bloque inexpresivo: os ollos e a boca son pouco máis que incisións na masa de pedra, as roupas caen en pregues verticais que acaban nos seus pés(...) É unha figura tallada por un escultor distinto

.La edad Media. A. Shaver-Crandell.

En **Alemania** , a escultura francesa do século XIII servirá de modelo para os grandes conxuntos das *Catedrais de, Naumburgo e Estrasburgo*, cunha escultura moi estilizada e delicada e á vez de grande intensidade dramática.

En Italia a escultura estará , ao igual que a arquitectura, moi influída pola tradición clásica; a cidade de Pisa convértese no principal centro escultórico no século XIII co taller dos ***Pisano***, que terá unha actividade continuada que se inicia con Nicola Pisano, que realiza obras como o *Púlpito da catedral de Siena*, de forma hexagonal, sobre columnas apoiadas en leóns; os seus relevos con escenas da vida de Cristo son de gran clasicismo, por influencia dos sarcófagos romanos . As obras do seu fillo Giovanni, incorporan á tradición clásica a expresividade e dramatismo do gótico francés, como vemos no *Púlpito da Catedral de Pisa*. Xa no século XIV, Andrea Pisano realizará as *portas de bronce do Baptisterio de Florencia (Na imaxe, detalle)*

<u>No séculos XIV</u> a escultura concéntrase no interior das igrexas e grandes catedrais, na decoración das capelas, nos retablos, nos sepulcros e na escultura exenta, encargadas por eclesiásticos e burgueses A escultura libérase do marco arquitectónico, adquire movemento e aumenta en realismo e expresividade;os corpo encúrvanse, abrándanse os pregues das vestiduras á vez que se multiplican,

individualizándose os trazos dos rostros. Xorden obras cheas de elegancia e suavidade, como as imaxes da Virxe do denominado *estilo internacional* e de gran difusión por Europa, con proxección no século XV.
Dende a segunda metade do século XIV a área de Flandres e de Borgoña son o centro escultórico máis importante. Aquí traballa ***Claus Sluter***, quen no paso do século XIV ao XV , realiza o famoso *Pozo de Moisés* para a Cartuxa de Champmol, en Dijon que éo basamento dun inacabado calvario, con monumentais profetas nos que se da un paso decisivo cara á independencia da escultura respeto da arquitectura, na expresividade, e realismo das figuras, nas que as roupaxes, cheas de pregues angulosos e profundos son un elemento expresivo

O foco Borgoñón influirá na estatuaria do **<u>século XV</u>**; en Borgoña,os Países Baixos e a Península Ibérica realizaranse capelas funerarias, retablos, ou escultura exenta ou sillerías baixo a características común do realismo:
-Preciosismo técnico, atención aos detalles e aos elementos decorativos.
-Realismo e expresión nos rostros; interese polo retrato..
-Temáticas de gran patetismo.
-Pregues angulosos e rica policromía.
-Ás veces, forte sentido moralizador

Sepulcro de Carlos III de Navarra e Leonor,séc XV.

3.3.A Pintura.

a) Características xerais.
Do mesmo xeito que nas outras manifestacións do gótico, a diversidade en relación cos distintos períodos, escolas e países, así como pola utilización de diferentes xéneros e técnicas e cronoloxía, permite que distingamos na pintura gótica unha serie de etapas: O *Estilo lineal* (1200-1330), que xurde en Francia no século XIII e se estende por Europa ata ben entrado o XIV; o Estilo italo-gótico, ou *Trecento* italiano no século XIV; o *Gótico Internacional* , a comezos do século XV, e a *Pintura Flamenga* no século XV, que decontado entrará na órbita do Renacemento.

A pintura gótica ofrece un rico repertorio de **técnicas** que van desde as propiamente pictóricas (pintura mural, sobre táboa, miniatura) ata aquelas como a vidreira. A substitución da superficie dos muros nas grandes catedrais por amplas vidreiras supón o progresivo abandono da pintura mural ao fresco, agás en Italia, e a difusión da pintura sobre táboa (tempera) e lenzo (óleo), e a pintura de vidreiras; a miniatura tamén terá no gótico unha época de auxe, xa que xunto ás obras realizadas nos talleres monásticos xurdirán agora talleres laicos destinados a ilustrar obras para a nobreza e a burguesía (libros de Horas, biblias, salterios....)

Aínda que a evolución estilística dificulta outorgarlle á pintura gótica unhas características xerais comúns, si comparte coa escultura á ***tendencia ao naturalismo***, a ***progresiva humanización dos xestos e actitudes das figuras,*** a busca de ***proporcións naturais*** e de ***expresividade*** e o ***forte sentido narrativo*** .

b) Etapas da pintura gótica.

1. Gótico lineal ou estilo franco-gótico(finais do século XII-século XIII)

Xurde en Francia, na área de Île de France e Borgoña, en relación coa aparición da arquitectura gótica, e dende aí difúndese ao resto de Europa. Estilisticamente caracterízase polo predominio da liña que destaca os contornos das figuras e delimita as zonas de distintas cores; as tintas son planas,e non hai busca de volume. As principais manifestacións deste estilo atópanse nas vidreiras e na miniatura.

Nas **vidreiras**, o cristal policromado desenvolve unha composición con centos de diminutas pezas de vidro policromado unidas por varas de chumbo; cobren grandes áreas e as escenas representadas adoitan ler de arriba a abaixo. Pertencen a este estilo os grandes conxuntos das vidreiras francesas de *Chartres*, *Reims*, ou a *Sainte Chapelle de París*, ou o da *Catedral de Canterbury* en Inglaterra e as da *Catedral de León* en España, todas elas de grande viveza cromática, con predominio das cores primarias (amarelos, vermellos, azuis...) sobre fondos monocromos.

As **miniaturas** de Códices, biblias ou salterios terán as mesmas características; as escenas encádranse en marcos arquitectónicos, con ricas orlas de ornamentación vexetal; exemplo destacable son o *Salterio de San Luís,* ou as *Cantigas de Santa María.*

Manuscrito de Bonmont, séc.XIII

2. Estilo Italo Gótico ou Trecento italiano.(século XIV)

A comezos do gótico na pintura italiana aínda se mantén a tradición bizantina de formas hieráticas sobre fondos dourados, nos mosaicos, na pintura mural e tamén na pintura sobre táboa. Esta maneira de pintar dou entrada a elementos dun certo naturalismo a finais do século XIII na pintura do sienés ***Duccio***, que crea enmarques arquitectónicos reducindo os fondos dourados, e dota de sentimentalidade ás súas figuras (por exemplo, na súa *Maestá*). Esta tendencia cristalizou no século XIV nos dou principais centros artísticos do chamado *Trecento* italiano, que orixinaron as chamadas Escola de Florencia e Escola de Siena.

En **Florencia** destaca a figura de ***Giotto***, que romperá coa concepción espacial anterior ao introducir o **espazo tridimensional** e o sentimento na pintura europea; especializarase nas pinturas murais, feitas coa técnica do fresco (*buon fresco).*

- Nas súas obras a temática será basicamente relixiosa (escenas da vida de Cristo e a Virxe, ou San Francisco), tratadas de maneira naturalista e cunha sentimentalidade influída pola espiritualidade franciscana.
- As figuras teñen unha relación psicolóxica entre elas e expresan os seus sentimentos mediante o recurso á xestualidade nas mans e rostros.
- Búscase representar un espazo real: desaparecen os fondos planos, dourados e irreais, substituídos por paisaxes urbanas ou rurais a modo de escenarios

aos que intenta darlles aparencia real creando a ilusión de profundidade espacial.

- Os corpos son máis naturalistas: teñen volume, acadado mediante o uso do modelado, e os efectos de luz e sombra. Son figuras reais, que recuperan as proporcións humanas e buscan o movemento.

As súas principais obras son frescos con escenas da vida de San Francisco na *Basílica Superior de Asís*, os frescos *da Capela Scrovegni de Padua,* e os *frescos da Igrexa de Santa Croce en Florencia.*

A Anunciación (detalle) Simone Martini.

Na **Escola de Siena** os discípulos de Duccio, en especial ***Simone Martini*** desenvolven un estilo interesado tamén, por influencia florentina polos efectos de perspectiva, pero cun uso decorativista da liña e da cor, e a miúdo con fondos dourados en composicións delicadas, elegantes e amables,cunha evolución cara ao naturalismo nas representacións. *A Anunciación*: unha das mellores realizacións da escola de Siena exemplifica a tendencia cara á cor brillante, os fondos dourados e o valor da liña, que, a pesar de recordar ás fórmulas bizantinas, participa da idealización das formas o naturalismo propias do gótico.

3. O Estilo Internacional.

Xurde da fusión do gótico lineal cos avances do *Trecento* italiano a finais do século XIV. Arranca na corte papal de Avignon, (Francia) e desenvólvese sen apenas diferenzas no ambiente das principais cortes europeas ata mediados do século XV. Trátase de obras refinadas e elegantes,cun marcado carácter cortesán:

-Figuras estilizadas e curvilíneas, con predominio do movemento acentuado polo tratamento das roupas

-Uso de cores brillantes e intensas, ás veces irreais; sentido decorativo e simbólico.

-Paisaxes e arquitecturas como fondo das representacións, alternando con fondos dourados,; atención aos detalles e carácter decorativo

-Temas relixioso tratados de maneira amable, e escenas cotiás.

En Francia destacan as miniaturas que os ***Irmáns Limburg*** fan para o Duque de Berry, como *As Ricas Horas (na imaxe)* , na Península Ibérica destaca a obra dos cataláns ***Martorell*** e ***Lluis Borrasá.***

4. O Estilo Flamenco.

A pintura realizada en Flandres durante o século XV, será unha auténtica revolución na historia pintura, tanto polos seus valores formais coma polas novidades técnicas , entre as que destaca o uso do óleo. Os pintores deste período, son denominados “primitivos flamencos” e entre eles destacan J.Van Eyck e Roger Van der Weyden. A súa pintura é considerada po moitos autores xa na órbita do Renacemento, polo que a estudarás no seguinte tema.

4.O GÓTICO ESPAÑOL.

A arte gótica desenvólvese nos Reinos cristiáns da Península Ibérica desde a segunda metade do século XII ata o primeiro terzo do século XVI. Aquí, a situación política, está marcada pola presenza de Al-Andalus no sur ,e pola progresiva expansión dos reinos cristiáns, proceso encabezado polo Reino de Castela e a Coroa de Aragón

A Coroa de Castela coñece unha época de esplendor político e económico no século XIII. A súa expansión territorial cara ó sur aumenta a prosperidade dos nobres e o alto clero casteláns, que dedican as súas grandes propiedades á gandería, a base de potencia económica castelá na Baixa Idade Media. A monarquía, a nobreza e os cabidos catedralicios son os clientes da arte e os financiadores das grandes empresas construtivas. No século.XIV atravesa unha profunda crise económica, demográfica e social, nun estado latente de guerra civil, da que se recupera no século XV, grazas sobre todo á actividade gandeira e ó efecto arrastre que produce sobre outras actividades económicas, como o comercio con Flandres.....

Fernado III, Tunmbo A Catedral de Santiago

A **Coroa de Aragón**, no século XIV, expandirase política e economicamente polo Mediterráneo (Sicilia, Sardeña, Atenas...); os maiores beneficiarios serán os Condados Cataláns, que manterán un activo comercio co toda a área; esta actividade comercial supón a aparición dunha rica burguesía capaz de patrocinar empresas artísticas, a miúdo de carácter civil No século XV entrarán en crise.A proclamación de Isabel como reina de Castela, e o seu matrimonio co príncipe aragonés Fernando a final de século permitirá a fusión(unión dinástica)destes dous reinos, que coa posterior conquista do Reino nazarí de Granada e a anexión do Reino de Navarra provocará que a península, a excepción de Portugal, se unifique territorialmente.

Estas diferentes relacións políticas e económicas explican tamén as relación artísticas e as diferenzas do gótico peninsular. Na Coroa de Castela, o Camiño de Santiago segue a ser unha importante arteria económica e cultural que permite o coñecemento do primeiro gótico francés xa a finais do século XII; a relación dos monarcas coa área borgoñona xa dende o románico , e coa área flamenca despois permite aquí a introdución de modelos e artistas foráneos durante todo o período. A relación da Coroa de Aragón coa área do Mediterráneo explica que aquí se desenvolva un arte máis influenciado polos modelos do Sur de Francia e a península Italiana**.**

4.1.A Arquitectura.

No **tránsito do século XII ao XIII** a arquitectura cisterciense inflúe na difusión dos avances técnicos do gótico francés, como o arco apuntado e a bóveda de cruzaría en catedrais como a de Ávila e a de Tarragona. Pero será no **século XIII** cando se constrúan en Castela os primeiros edificios que incorporan plenamente as novidades do gótico Francés :son as *Catedrais de Toledo*, *Burgos* e *León*. A tres foron dirixidas nos seus inicios por arquitectos franceses e continuadas cando as obras se prolongan por artífices hispanos, e teñen como particularidade fronte ás francesas unha menor altitude e tamén menor desmaterialización dos muros. *A catedral de Burgos* ten tres naves, transepto, e unha cabeceira con deambulatorio e cinco capelas radiais; a súa fachada inspírase na de Reims. A *Catedral de Toledo*, iniciada uns anos despois, ten planta de cinco naves cunha ampla cabeceira na que a ábsida se rodea por un dobre deambulatorio ao que se abren numerosas capelas radiais cuxos modelos hai que

buscalos nas catedrais francesas de Bourgues, París e Le Mans, e tamén en modelos hispanos. A *Catedral de León* é considerada a máis francesa, tanto en planta como en alzado, e incluso no espírito do edificio, xa que presenta unha maior desmaterialización do muro e transformación do espazo interior a través dos seus amplos vans con vidreiras. Dirixida polo mestre francés Henrique da comezo cara a 1255 e a súa planta, de tres naves, con transepto, a cabeceira con deambulatorio dunha soa nave ao que se abren capelas radiais segue o modelo de Reims.

O alzado (da Catedral de León) amósanos na nave central un espazo cunha tendencia á verticalidade moito máis acusada que en Burgos ou en Toledo, con tramos cubertos por bóvedas de cruzaría cuxos catro nervios se dirixen cara os catro ángulos onde son continuados por columnas apegadas que baixan polo muro ata o solo do edificio, remarcando o espazo ocupado en altura por cada un dos tramos que o integran. En canto á articulación horizontal do muro, este divídese en tres niveis constituídos polas arcadas que separan as naves laterais da central; o triforio, cuxo muro externo está perforado por vans cubertos con vidreiras, ao igual que ocorría no coro da catedral de Amiens; e o piso alto de ventás ou clarestorio, que ocupa unha extensión considerable na que o muro redúcese a estreitas trazarías integradas na estrutura das ventás, onde actuaban coma armazón da vidreira.

Marisa Melero. El arte Medieval.

No século XIV o impulso construtivo darase na **Coroa de Aragón**, especialmente en Cataluña en consonancia co seu desenvolvemento económico. Constrúense agora as *catedrais de Barcelona*, Girona e *Palma de Mallorca*; son edificios cunha tendencia á horizontalidade, planta de salón e austeridade ornamental, dentro da estética do chamado *Gótico Mediterráneo*. Aquí a arquitectura civil terán un amplo desenvolvemento, en obras como as *Atarazanas de Barcelona*, ou as *Lonxas* de Barcelona, *Valencia* ou *Palma de Mallorca,* xa do século XV.

No século XV , na **Coroa de Castela**, os contactos comerciais con Flandres influirán na chegada de influencias e artistas flamencos, orixinando o denominado ***estilo hispano-flamenco*** derivado da fusión das formas da arte flamenca coas hispanas, e caracterizado pola súa exuberante decoración, e a inclusión de bóvedas de terceletes, arcos conopiais...;o momento de máximo apoxeo coincide co reinado dos Reis Católicos, polo que se chamará tamén *estilo isabelino*. En Burgos destaca a obra de ***Xoán de Colonia***, quen realiza as *agullas da catedral de Burgos*, e a *Cartuxa de Miraflores;* o seu fillo, ***Simón de Colonia***, a *Capela do Condestable na Catedral de Burgos*.

En **Galicia** serán as igrexas cistercienses, como xa vimos, as introdutoras de elementos gotizantes na arquitectura; polo demais só a *Portada Occidental da Catedral de Tui* seguirá o modelo das grandes fachadas francesas. Aquí, será a **arquitectura mendicante** a que estenda o seu modelo máis sinxelo, de cruz latina, cuberta de madeira e cabeceira poligonal con bóveda de cruzaría e longos e estreitos vans, que seguirán os templos dominicos e franciscanos situados nas principais cidades e tamén numerosas igrexas parroquiais influídas por eles*. San Francisco de*

Betanzos, ou *Santo Domingo de Santiago*, ou *San Martiño de Noia ou Santa María de Noia* serán algúns deles.

4.2.A Escultura.

Tímpano do Xuízo da fachada Occ. de León(detalle do lintel)

Na escultura, a primeira portada monumental gótica do **século XIII** na Coroa de Castela é a *Portada Occidental da Catedral de Tui*, que aínda que moi influída pola arte do Mestre Mateo, segue modelos franceses en temática e no estilo das súas figuras; pero a evolución da escultura cara as características do gótico clásico pode verse nas grandes portadas monumentais das fachadas das Catedrais de León e Burgos. A *Porta do Sarmental*, ou porta Sur da catedral de Burgos está influída polo estilo de Amiens e Chartres. A *Fachada Occidental da Catedral de León*, resolta cunha portada tripla moi abucinada, tamén reflicte estas influencias. Un exemplo a considerar fóra da decoración das fachadas son as ménsulas do Pazo de Xelmírez, en Santiago.

No século XIV terá un importante desenvolvemento en toda a Península a **escultura funeraria,** onde se acentuará o carácter realista; os sepulcros, tanto apegados coma exentos, e a miúdo apoiados sobre figuras de leóns e con escenas de cacerías ou doazóns situaranse nas capelas funerarias e muros das igrexas e catedrais,como é o caso do *Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, en Betanzos*, ou os sepulcros do Mosteiro de las Huelgas (Valladolid). Segundo **avanza o século XV** os influxos da escultura borgoñona e flamenga na Coroa de Castela estará presente en **conxuntos funerarios,** e tamén en **retablos** e **cadeirados**, que acadan unha notable perfección técnica e riqueza decorativa. ***Juan Guas***, ***e Gil de Siloé*** son as figuras máis destacadas; o primeiro realiza as esculturas do *mosteiro de San Juan de Los Reyes,* en Toledo, e Gil de Siloé a Tumba do Infante don Alfonso e o Sepulcro dos reis Xoán II e Isabel de Portugal, na Cartuja de Miraflores, así coma o seu *retablo*. Na Coroa de Aragón desenvólvese unha importante produción de **retablos** entre os que destacan as obras de Pere Johan, autor do *Retablo Maior da Catedral de Zaragoza.*

4.5. A pintura.

-Na Península o gótico Lineal produce importantes pinturas murais, como as da Catedral Vella de Salamanca,e vidreiras como as da *Catedral de León*, pero maior será a influencia do *Trecento* italiano no século XIV primeiro en Aragón e máis tarde en Castela . **Ferrer Bassa** realiza as pinturas murais do Mosteiro de Pedralbes, e os **irmáns Serra** especializaranse na pintura de retablos

-O *estilo Internacional* aparecerá nos retablos pintados a principios do século XV , na obra en León, de Nicolás Francés, ou nos retablos de Bernardo Martorell. En Galicia, pertencen a este estilo as pinturas murais do presbiterio de Vilar de Donas (Lugo).

-Na segunda metade do século XV a *influencia flamenga* deixarase sentir na obra de autores como ***Bartolomé Bermejo***, ***Luís Dalmau*** ou ***Fernando Gallego.***
-Mención aparte merece a **miniatura** , na que destacan as obras feitas no século XIII baixo influencia francesa, entre as que destacan as *Cantigas de Santa María* e outras obras mandadas iluminar polo monarca castelán Afonso X, dentro do estilo do gótico lineal.

Pere Serra.
Detalle do Retablo de todos os Santos (século XIV)



Bartolomé Bermejo. Santo Domingo de Silos. Finais séc.XV



Fontanay, sección transversal.1139-1147

Fontenay, nave lateral norte.





Mosteiro de Armenteira. Nave central e cruceiro



Oseira. Deambulatorio, e nave cental cara a cabeceira.



Bóveda de cruzaría



Organización de los paramentos interiores de una catedral gótica.
1- Tracerías; 2- Lanceta; 3- «Clarisforio»; 4- Triforio; 5- Arco de descarga; 6- Galería o tribuna; 7- Ábaco; 8- Capitel; 9- Macho; 10- Pilar cilíndrico; 11- Basa.





1. ARCO DIAGONAL
2. ARCO TERCERON / ARCO TERCELETE
4. ARCO COMBADOS

BÓVEDA ESTRELADA / BÓVEDA ESTRELLADA



Sistema de contrarresto





Saint-Denis. Planta e Fachada.Com.1140

Notre-Dame de Paris. Alzado interior.Fins séc.XII.

Notre- Dame de Paris. .Exterior lateral Sur séc.XIII



Catedral de Laon. Interior das naves e Fachada .Fin séc.XII



Reims. Planta e fachada. Séc.XIII.



Chartres. Interior: nave central e cabeceira. Séc. XIII



Amiens. Fachada e bóvedas da nave central.Séc.XIII.





Sainte Chapelle. París.

Fachada Catedral de Tours.



Nave central Catedral de Rouen.



Nave central Catedral de Wells.



Fachada e Sala capitular (1300-1325) da Catedral de Wells

Capela de Henrique VII en Wenstminster.

King´s College da Universidade de Cambrigde

Catedral de Colonia. fachada Occidental.

Catedral de Estrasburgo, fachada e detalle da fachada



Santa Croce, florencia. Século XIII.

Catedral de Milán. Fachada Occidental.

Santa María la Novella. Séc. XIV

Concello de Lovaina. 1448. Bélxica

Lonxa dos panos. 1486. Bruxas, Bélxica

s

Palacio Ducal de Venecia.

Palacio Della Signoria, Florencia.



Pórtico Real de Chartres. Conxunto da Portada, e detalles.





Cartres. Portada central da fachada Norte. Detalles.





Portad Real de Reims. 1252-1275

Portada de Reims. Xamba dereita. E grupo de Visitación 1252 – 1275.





Notre Dame de Paris. Detalles do Tímpano Central de Fachada Occidental



Catedral de Strasburgo. Pilar dos evanxeistas e dos anxos. 1235



Catedral de Strasburgo. Tímpano Sur e detalle do mesmo.. 1235.

Púlpito de mármore do baptisterio de Pisa. Nicola Pisano. Ca. 1260



Púlpito da Catedral de Siena.

Stuter. O pozo de Moisés. Séc.XIV:



Virgen Azul de Chartres, 1180

Detalle de vidrieira, Chartres.



Reimns, rosetón. Cara a 1200

Salterio de San Luis. Séc. XIII

Cantigas de Santa María. Escenas das ilustracións das Cantigas.

Maestá. Duccio. 1309-11

"Anunciación" – Simone Martini. 1333

Giotto San Francisco predicando aos paxaros.1295.Igrexa de San Francisco. Asís, Italia.



Capela Scrovegni. Papua. Giotto. 1304-1313



***Crucifixión e Lamentación sobre Cristo morto. Giotto, Capela Scrovegni*.**

"Fuxida a Exipto". Capela Scrovegni. Giotto

"As ricas horas"do Duque de Berry.O mes de xuño e o Paraíso.Séc.XV.



Planta e exterior da Catedral de León1255



Catedral de Toledo, planta. 1221.





Catedral de Burgos. Planta, fachada, E alzado interior da nave lateral e Central. Séc.XIII.

Catedral de Toledo. Deambulatorio e fachada



Catdral de Palma de Mallorca.





Santa María del Mar, Barcelona.Interior das naves.



Lonxa de palma de Mallorca. Exterior e .Interior das naves.

Cartuxa de Miraflores, Luan de Colonia. Século XV.

San Juan de los Reyes. Claustro baixo.

Capela do Condestable da Catedral de Burgos.Simón de Colonia. Século XV. Interior e cuberta.





Santo Domingos de Bonaval, Cuberta da ábsida.

San Francisco de Betanzos. Cabeceira e lateral sur.

Catedral de Tuy, Fachada Occidenta.e detalle da Epifanía e do tímpano Sé XIII



Catedral de León. Portada central da fachada Occidental e detalle do Tímpano.Séc.XIII

Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade o boo. Betanzos.Séc.XIV

Sepulcro dos reis Xoán II e Isabel de Portugal, na Cartuja de Miraflores.

Retablo da Cartuxa de Miraflores. Burgos. Gil de Siloé. Finais do século XV

Sartego do Infante Alonso. Gil de Siloé. 1489-1493. Cartuja de Miraflores. Burgos

Pere Johan. Retablo da seo de Zaragoza. Século XV

Ferrer Basa. Tres mulleres na tumba. Mosteiro de Pedralbes. 1346



Nicolás Francés, retablo de La Bañeza, León.Séc.XIV:

Pinturas da ábsida do mosteiro de Vilar de Donas. Séc.XV

Dalmau. Vires dells Consellers. Detalle. Séc.XV



Lluís Borrasá. Retablo de San Pere deTarrassa.Séc.XV